

El Progreso

Galiciae

PROGRAMAS INTEGRADORES

O Cpi Tino Grandío afronta o acoso escolar co programa Titoría entre Iguais

Etiquetas: Tino Grandío, Guntín, iniciativa, violencia, acoso escolar

J.D.E.. O programa Titoría entre Iguais (Tei) que desenvolve o Centro Público Integrado (Cpi) Tino Grandío de Guntín, xunto ao IES de Monterroso, o CPI Doutor López Suárez de Friol, e o IES do Camiño de Palas de Rei é unha iniciativa pioneira en Galicia para previr a violencia e o acoso escolar no entorno educativo.

A idea de poñer en marcha esta campaña partiu da orientadora escolar do IES Do Camiño de Palas de Rei, María Jesús 'Magú' Puchades Tella-Villamarín, e baséase na experiencia desenvolta polo Ies Front Maritim de Barcelona e impulsada polo psicólogo e orientador Andrés González Bellido.

A directora do Cpi Tino Grandío de Guntín, María Teresa García Crecente, sinalou que a posta en funcionamento do proxecto -un dos moitos que se desenvolven no centro coa biblioteca como eixe- esixiu un «investimento económico para a formación dos profesores dos catro centros implicados». O primeiro paso consistiu nunha sesión formativa na que participaron docentes dos centros lucenses e á que asistiu Bellido. «Os profesores fórmanse para poder levar a cabo a iniciativa, pero realmente os protagonistas son os rapaces, os alumnos. Nós somos os piares nos que se apoian, pero eles son os protagonistas», explica a directora.

A seguinte fase consistiu en formar aos alumnos que ían a ser titores -presentáronse voluntarios- co fin de ensinalles en que consiste a iniciativa. A técnica baséase en que os alumnos de terceiro e cuarto da Eso (neste centro) son os titores dos de rapaces de primeiro e responsabilízanse deles. Pero por que nestas idades? «Porque en primeiro xeralmente é cando se cambia de centro, cando os rapaces pasan de Primaria aos Institutos de Educación Secundaria (Ies). E trátase dunha adaptación moi dura», indica María Teresa García. Aínda que no caso dos centros públicos integrados o cambio non é tan brusco «tamén é unha idade conflictiva», di.

Agora, desde o Cpi Tino Grandío -un centro da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- trabállase para levar esta iniciativa tamén a Primaria, e se ben polo de agora neste curso empezouse con Secundaria, o equipo docente xa está pensando en desenvolver iniciativas no terceiro trimestre con Primaria, «porque ten moitísimo éxito e se están a destapar problemáticas de acoso, principalmente de insultos, que están agochadas e que desta maneira saen á luz e se poden ataxar».

CAMBIO SOCIAL. «O máis atroz das cousas malas da xente mala é o silencio da xente boa». Con esta afirmación de Mathama Gandhi a orientadora María Guerreiro Muñoz explica que «nos casos de

acoso escolar sempre hai tres protagonistas, o(s) agresor(es), a vítima e os espectadores».

Coa Titoría entre Iguais búscase «incidir nos espectadores. Naquela xente que por medo, básicamente, mira para outro lado cando percibe que están a pasar cousas que non deberan», comenta Guerreiro. «Hai que romper a lei do silencio, ir aos pasos previos ao acoso escolar», asegura. A maior repercusión mediática é para aqueles casos que supoñen «a punta do iceberg»: suicidios, depresións... nos que xa se chegou ao límite. «Nós queremos ir ao inicio dos casos de acoso, e concienciar sobre a importancia da tolerancia cero cos insultos e os abusos de calquera tipo... Trátase de fomentar unha cultura de paz no centro, porque a única maneira de loitar contra o acoso é a prevención», comenta.

A importancia da concienciación radica en non ser alleos á realidade para poder cambiar a sociedade desde abaixo, cos máis pequenos e coas escolas e a familia como piares básicos dunha educación na que se outorgue a importancia que ten á necesidade de rematar coa violencia de xénero, os casos de violencia e o acoso escolar.

O proxecto trata de implicar a toda a comunidade educativa e tamén ás persoas que afectan nela, como persoal non docente, de servizos, dos transportes... «É moi traballosa pero moi importante», comenta María Teresa García, unha opinión que corrobora a xefa de estudos do centro, Beatriz Paderne.

PROTAGONISTAS. Josué González é un dos titores do programa. Ten 15 anos, cursa terceiro e o seu titorado é Álvaro Piñeiro, de 12 anos e alumno de primeiro. Os dous destacan as vantaxes da iniciativa como un paso «moi importante» para a convivencia no centro. Ao igual que eles, Josefina Feito e Aurora Currás, así como Lucía Villar e Natalia Vázquez -outras das titoras e titoradas- coinciden en que se está a destapar certa problemática agochada.

O programa adáptase agora ás circunstancias propias dos centros rurais e, segundo Silvia Carballido, titora de terceiro do Programa de Diversificación Curricular «o alumnado mostra moito interese».

15/12/2014